

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

*ANUNCIO da contratación de obras no parque Camilo José Cela (expediente 4.860-440).*

1. Entidade que adxudica. Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Fomento. Número de expediente: 4.860-440.

2. Obxecto do contrato: a execución das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: 14 meses. Prórroga: non procede.

3. Tramitación e procedemento:

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 2.312.164,87 euros. IVE que ten que soportar a Administración: 485.554,62 euros. Orzamento total: 2.797.719,49 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE). c) Complementaria: si, por un importe do 5 % do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE, cando a oferta adxudicada fose cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fose xustificada adecuadamente.

6. Obtención da documentación e información: [www.vigo.org](http://www.vigo.org) (perfil do contratante). Teléfono: 986 81 01 48. Fax: 986 22 62 06.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.



7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: posuír a seguinte clasificación: grupo C, Edificacións; subgrupo 3, Estruturas metálicas; categoría 5. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: posuír a seguinte clasificación: grupo C, Edificacións; subgrupo 3, Estruturas metálicas; categoría 5.

8. Presentación de ofertas. Prazo: rematará 26 días seguintes ao da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a exixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: si.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas técnica e económica. Entidade, domicilio e localidade: véxase o punto 6 do anuncio.

Data e hora: anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións: este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nunha porcentaxe do 80 % proxecto Edusi Vigo Vertical. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, número 2, do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 decembro de 2013.

11. Páxina web para obtención de información: [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Vigo, 20 de outubro de 2017

O alcalde  
P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)  
David Regades Fernández  
Concelleiro delegado de Contratación

